




Enderezo descoñecido
KRESSMANN TAYLOR, KATHERINE
 Edicions xerais 2002

Obra contundente na súa crueza, demostrando que non son necesarias moitas páxinas para contar unha boa historia. Escrita en forma epistolar *Enderezo descoñecido* conta a sorprendente historia de dous amigos propietarios dunha galería de arte en

California, Max Eisenstein, xudeu estadounidense, e Martin Schulse, alemán, que retorna ao seu país en 1932, coincidindo co ascenso do partido nazi.

Si ahora no, ¿cuándo
PRIMO LEVI
 Editorial: El Aleph

Durante a Segunda Guerra Mundial un grupo de xudeus sobrevive loitando contra os alemáns. O seu desexo de fuxir do exterminio faraosatravesar unha Europa arrasada pola guerra nun camiño cheo de dificultades que irán superando grazas á súa firme determinación de manterse unidos. Unha novela épica, de lectura fácil e amena, pero que fainos reflexionar sobre o antisemitismo, a guerra, o valor da solidariedade, etc.



Berlin noir: violetas de marzo
PHILIP KERR,
 RBA libros 2007

1936, os xogos olímpicos de Berlín están a comezar. Bernie Gunther, ex policía metido a detective privado recibe o encargo de investigar dúas mortes que afectan a altos cargos do partido nazi. Mentres, algúns amigos

xudeus de Gunther decátanse de que mellor sería ter fuxido de Berlín a tempo. Novela negra de estilo clásico que nos achega con moita ironía á situación da Alemaña en pleno auxe do naciismo. Lectura sinxela e entretida.

El lector
BERNHARD SCHLINK
 Anagrama 2000

Berlín na postguerra. Michael Berg ten quince anos e mantén unha peculiar relación de amor cunha muller maior cael á que acaba de coñecer. Hanna, antes de se amar, pídelles que lea en voz alta para ela. Ela desaparece sen deixar rastro. Sete anos despois Michael acode a un xuízo contra cinco mulleres acusadas de crímenes de guerra nun campo e concentración. Hanna está entre elas. ... Novela emotiva, sorprendente que invita á reflexión sobre a xustiza, a piedade, o amor. *Para os máis maiores*



MAUS
ART SPIEGELMAN
 Mondadori 2007

Vladek Spiegelman vaille contando ó seu fillo Art, o autor do libro, as súas vivencias na Polonia ocupada polos nazis, o seu paso polo campo de exterminio de Auschwitz, a súa loita pola supervivencia. Un libro duro que nos presenta en forma cómic o tema do holocausto con toda a súa crueza sen recorrer a un debuxo realista. Lectura necesaria. Recomendado para os máis maiores

Pasa pola biblioteca Poderás atopar aventuras, amor, risas, dramas, piratas, alieníxenas, ciencia, indios, bagoas, novos mundos por explorar...

... e se algo non atopas, fainos
 chegar a túa suxestión na caixa
 que está na propia Biblioteca
<http://www.iesguitiriz.org/departa/biblioteca>

Pero ¡¡ollo!! Ler, pode... perxudicar seriamente a saúde e ademais crea adicción.

I.E.S. Poeta Díaz Castro
Guitiriz
Nadal 2009

Reencontro
FRED UHLMAN
 Galaxia 1998

Hans e Konradin teñen dezaseis anos e son amigos. Hans é fillo dun médico xudeu e Konradin é un aristócrata. Cando Hitler chega ó poder as súas vidas cambian radicalmente: Konradin entra no exército nazi e Hans ten que marchar de Alemaña. Un libro emotivo, sinxelo e fondo. Por certo, e tan curto que che vai saber a pouco. Para todas as idades



Cando Hitler roubou o coello rosa
JUDITH KERR
 Alfaguara

A chegada de Hitler ao poder vai cambiar radicalmente a vida de Anna e da súa familia. Na súa fuxida do horror nazi deberán abandonar o seu país e deixar atrás moitas cousas queridas, como o seu coello de peluche. Con el tamén quedará a súa infancia. Para todas as idades

Ulrico y las puertas que hablan
CARLO FRABETTI
 Roca editorial

Un cambio no final do conto de Brancaneves serve para desenvolver unha historia de aventuras onde a lóxica servirá para salvar a Branca e aos 7 ananos.



O derradeiro irmán
NATHACHA APPANAH
 Xerais

Premio de novela FNAC 2007, Premio dos lectores de L'Express 2008 e Premio Cultura e Bibliotecas para Todos 2008. Raj vivía en illa Mauricio e aos dez anos fíxose amigo de David, rapaz xudeo que chegara a illa xunto coa súa familia deportada desde Palestina. Xa pasaron os anos e cando David se lle aparece en soños Raj revive a súas lembranzas de pequeno. Para todas as idades.

Viaxes dun can de paleiro
PERE TOBARUELA
 Ed. Sotelo Blanco

Un can de paleiro narra as aventuras que compartiu con Ulises. ¿Trátase do famoso heroe grego? Si, pero segundo este can de paleiro, Ulises non era grego, era galego, de Xobre, unha antiga vila de pescadores da Pobra do Caramiñal. Moita diversión en poucas páxinas. Para os máis pequenos



La fórmula de Dios
JOSÉ RODRIGUES DOS SANTOS
 Roca editorial

É unha novela de fácil lectura cuxa trama é unha intriga internacional o redor dun antigo manuscrito de Einstein. No seu desenvolvemento inclúe explicacións sobre a formación do Universo, o segundo principio da termodinámica, o principio de incertidume, a teoría do caos, etc.



Genealogía de una bruja BENJAMIN LACOMBÉ E SÉBASTIEN PEREZ Editorial Edelvives

Lisbeth ten un don peculiar pode rematar as frases do resto das persoas, na súa casa atopa un libro que lle aclarará moitas dúbidas sobre como é ela. Ese libro é o segundo libro e mostra a historia de trece mulleres sospeitosas de bruxería: Lilit, Isis, , Gretchen (a bruxa de Hansel e Gretel), Juana de Arco, Mona Lisa, Malvina (a bruxa de Brancaneves), entre outras. As descripcións están acompañadas de billetes da época, manuscritos, obxectos...



O home do traxe branco. O accidente Herikberto Muela Quesada

Xerais
Nun caloroso día de verán prodúcese un grande incendio nun bosque de Galicia. Na noite, uns rapaces descubren unha gran nave. Dela xorden varios buzos escoltando unha estraña criatura anfibia que dá a luz a súa cría. Cando parece que todo finalizou, da nave descende un misterioso home con traxe branco, acompañado dun estraño animal. ¿Quen é ese home? Só este grupo de rapaces descubrirá de onde vén e cales son as súas intencións. Para todas as idades



La balada del mar salado

Hugo Pratt
Norma editorial
Cómic. Primeira e magnífica aventura de Corto Maltés, todo un tipo creado polo xenial Hugo Pratt. O océano, os piratas, os naufraxios a busca do tesouro (o mais preciado, a liberdade) son os ingredientes desta grande aventura. Pero icoidado! pode creas adición e hai máis aventuras de Corto Maltés por ler, mellor non a leas, non.



As serpes cegas Felipe Hernandez Cava Premio nacional de Comic 2009

A Ben Koch búscalo un home estraño que viste de vermello, mais el aínda non o sabe porque ten a cabeza noutro lado. O propio Ben anda á súa vez na procura de alguén. Estamos en Nova York en 1939, a Guerra Civil está rematando e antes da tormenta mundial que se aproxima, algunhas contas deben ser saldadas



Memoria das cidades sen luz. INMA LÓPEZ SILVA. Ed. Galaxia.2009

Crónica novelada dun tempo convulso, entre guerras e exilios, na que a autora nos vai presentando unha ampla gama de personaxes aínda vixentes na nosa memoria, os seus avatares, as súas inxenuidades, os seus amores e medos, tamén as súas contradicións...a través dunha primeira persoa protagonista.



UXIO NOVONEIRA Carme blanco A Nosa Terra

Homenaxe a unha das figuras máis representativas da nosa literatura á que este ano se lle dedica a festividade das Letras Galegas. A súa autora, Carme Blanco, fai un estudo exhaustivo, á vez que ameno, da vida e obra do poeta nunha edición coidada, manexable e atractiva

E Xoel aprendeu a voar Marica Campo Edicións Oubreiroiro

Non podía faltar, claro está. Un rapaz de 13 anos, Xoel, que apenas ten vida fóra da PSP e da rede. O misterio de Merlo Branco. Paco e Carme, uns pais demasiado atarefados. Eunice, a moza brasileira pola que suspira o protagonista. Fábio, Daniel e Sara, os outros amigos que secundarán as andanzas de Xoel. Don Santiago, o avó que constrúe un motoveleiro e vive os remorsos dunha gran mentira. Estes e outros personaxes ao servizo dunha novela que mantén o interese e a intriga ata o final.



E se vos achegades polo cine podedes ver...

AVATAR

Director: James Cameron
Espectacular uso da tecnoloxía en 3D ó servizo dunha historia clásica de ciencia ficción con malos, héroes, heroínas, amor, humanoides (avatares) estraterrestres bos e moita moita aventura.



DONDE VIVEN LOS MONSTRUOS

Dirixida por Spike Jonze
Adaptación do conto de Maurice Sendak. Max, un neno desobediente, vai castigado a cama sen cear. Ali crea o seu propio mundo imaxinario, un lugar poboado de ferozes criaturas que o teñen como líder,



FAMA

Dirixida por Kevin Tancharoen
Musical remake da mítica película de Alan Parker (1980, seguro que alguén na casa a viu). Un grupo de xóvenes cantantes, actores, músicos acuden a Escola Superior de Artes Escénicas (onde hai escolas así?) cun soño: acadar a fama, pero a fama que ven do talento, o duro traballo, a dedicación etc. Superando duras probas e desilusións co apoio dos compañeiros e profesores cada un irá descubrindo o seu propio camiño



Planet 51

Dirixida por Jorge Blanco
Película de debuxos española con grande éxito en EE.UU. O astronauta Chuck Baker chega a Planet 51 e se desata desata o pánico, nos invaden os alieníxenas!. O xoven Lem e os seus amigos tentarán axudar a Chuck para que volva á Terra



A Segunda Guerra Mundial no cine

Comedia: To be or not to be, El gran dictador .

Acción: Salvar al soldado Ryan, La cruz de hierro, Los violentos de Kelly , Patton, Objetivo Birmania, Cartas de Iwo Jima, Los cañones de Navarone

Musical: Rebeldes del Swing.

Campos de concentración: La lista de Schlinder, La vida es bella, el pianista

Prisioneros: El puente sobre el río Kwai, La gran evasión.

Drama: De aquí a la eternidad, Los mejores años de nuestras vidas.

Espías: El ojo de la Agua

Mais cine



BUSCANDO A ERIC... Dirixida por Ken Loach

A historia dun home que o cría todo perdido; unha historia de superación persoal dura e conmovedora cunha forte dose de risa e optimismo que se move entre a comedia e o drama. E algo de fútbol

MAL DÍA PARA PESCAR

Dirixida por Álvaro Brechner
Cine latinoamericano de calidade no que dous buscavidas moi especiais, un pillabán descarado e un ex-campión mundial de loita libre forte, alcohólico e incontrolable, nos mostran a cara máis dura, pero tamén máis entrañable da vida.



PAXINAS WEB DE CINE

Se queres saber máis sobre película podes consultar en internet. Se tecleas o título da película en Google terás xa moitas referencias. Tamén ir consultar directamente nalgũa destas páxinas onde atoparas información sobre argumentos, directores, actores, etc

<http://www.filmaffinity.com/es/>

Amplio catálogo de todo tipo de películas con información, argumentos e críticas

<http://segundaguerramundialenelcine.blogspot.com/>

Motísima información sobre películas ambientadas na Segunda Guerra Mundial. Comentarios e unha clasificación) que facilita a localización. Tes tamén un índice alfabético por títulos (baixa un pouco pola páxina e busca na parte esquerda da pantalla onde pon etiquetas)

<http://www.todocine.com/indices.htm>

Información básica (argumento, directores, autora, etc.). Índice alfabético, por directores, xéneros, actores, anos de estrea ...

<http://www.estrenosdecine.net/>

Información dobre estrenos nos cines